

Recensións

MONTEAGUDO, H. e BOUZADA, X. M. (ciudadanía-rede de aplicacións sociais) (2002): *O proceso de normalización do idioma galego 1980-2000, volume I, Política lingüística: análise e perspectivas*, Consello da Cultura Galega (Sección de lingua), Santiago de Compostela, p. 289.

Temos diante nosa o primeiro volume do proxecto *O proceso de normalización lingüística do idioma galego (1980-2000)*, impulsado pola Sección de Lingua do Consello da Cultura Galega, institución oficial, órgano consultivo e asesor, representativo das diferentes institucións da cultura galega. O citado proxecto ten, para os autores deste libro, un triple obxectivo:

... mellorar o coñecemento dos usos públicos, oficiais ou institucionais da lingua; ofrecer elementos para avaliar o impacto das iniciativas en materia de política lingüística por parte do Goberno autónomo nas aproximadamente dúas décadas do seu funcionamento (1980-2000); finalmente... elaborar recomendacións para mellorar a súa efectividade. (p. 14)

As áreas de traballo establecidas son cinco: o marco glotopolítico, o sector da educación e do ensino, as administracións públicas, o sector da planificación do corpus e da difusión da lingua e a situación do galego exterior, falado fóra dos límites administrativos de Galicia.

Sinxelamente, propuxémonos ofrecerlles á sociedade galega, e de xeito especial aos seus responsables políticos, elementos de reflexión e de xuízo, para mellor afrontarmos unha das máis fermosas e estimulantes tarefas colectivas con que se enfronta o noso país: a plena normalización da súa lingua secular e popular. (p. 24)

Introducíndonos neste estudo, cómpre dicir que a súa finalidade é a mellora da política lingüística e a promoción da lingua galega na sociedade, dando conta do que se fixo durante vinte anos (1980-2000) para ver o que se pode facer no futuro. Este

traballo quere ser unha ferramenta para o diálogo, que non cala os erros feitos e que tenta propor solucións. Interesa moito en todo o libro a situación social do galego. Neste volume analizador da política lingüística da Xunta os autores pretenden considerar os seguintes aspectos:

Cómo se desenvolveu... o xogo da política e a súa influencia na política pública... Dar conta das principais accións da Xunta de Galicia... sobre todo, as actuacións da Dirección Xeral de Política Lingüística... Cómo se organizaron e desenvolveron estas accións... Cales foron os resultados efectivos desta actuación... (pp. 42-43)

Pasemos logo a comentar o contido da obra. En primeiro lugar os autores falan da evolución socioeconómica de Galicia para presentar o marco político en que transcorre a política lingüística. Neste punto sinalan dous procesos paralelos moi importantes: a transición e consolidación democrática e mais o proceso de descentralización política e administrativa do Estado español. Non se pode esquecer o papel da lingua neste proceso autonómico dado que «o galego foi —e é— un recurso simbólico e real para a lexitimación das institucións... O idioma galego establece no plano simbólico unha diferenza cara a fóra e unha homoxeneidade cara a dentro» (p. 54). A nova situación política convertirá a lingua nunha política permanente e, ás veces, nun campo de batalla.

A normalización da lingua galega aparece como problema social e político. Algúns colectivos sociais reivindicaban unha política lingüística que dotase a lingua de normalidade de utilización en todos os senos. Unha lingua falta de recoñecemento social e estimación necesaria a axuda dos poderes públicos.

Unha vez creada a comunidade Autónoma galega, o conxunto das forzas políticas con presenza parlamentaria asume a necesidade de superar a situación social do galego, comezando por dotala duns dereitos básicos que lle otorgan carta de natureza como lingua. (p. 59)

Vexamos agora o marco legal no que se inscribe a política lingüística galega. A Lei de Normalización Lingüística (Lei 3/1983) e o Estatuto de Autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981) son os instrumentos xurídicos principais para o desenvolvemento normativo da política lingüística. Segundo a Lei de Normalización Lingüística (LNL) o Goberno Galego (a Xunta) ten asignadas legalmente a dirección e a planificación do proceso de normalización da lingua galega. Os elementos centrais da LNL serían a determinación dos dereitos lingüísticos, a lingua nas administracións públicas, a incorporación do galego ao sistema educativo, a actuación dos medios de comunicación e a promoción social da lingua.

No que se refire ás institucións, cabe dicir que a Xunta creou en 1982 unha Subdirección Xeral do Ensino da Lingua Galega que en 1983 converteuse na Dirección Xeral de Política Lingüística, dende 1986 dependente da Consellería de Educación.

Vemos que a maior parte das funcións e competencias están referidas a asuntos relacionados coa formación en lingua galega: por unha banda, os programas de estudo e o material didáctico do ensino regulado da lingua galega, e por outra, accións de apoio aos anteriores... o groso da actuación do departamento responsable dedícase ao que poderíamos denominar como planificación da adquisición... (p. 64)

Aparece en 1990 a Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística, como un órgano encargado da promoción do galego fóra do ámbito do ensino, asumindo a normalización como unha cuestión transversal que necesitaba a coordinación das accións das distintas consellerías. Esta comisión desapareceu coas distintas recomposicións da Xunta.

Tendo unha base legal na que apoiarse, o obxectivo central das Administracións Públicas galegas foi evitar os conflitos provocados polos usos idiomáticos. «...a súa estratexia normalizadora era a incentivación do idioma galego como “non imposición”». (p. 67) A concepción de fondo era — e é — o denominado «bilingüismo harmónico», que os falantes das dúas linguas recoñecidas legalmente (galego e español) poidan exercitar a cooperación entre estas dúas linguas. Este foi o obxectivo da política lingüística dos distintos gobernos galegos dende 1989 (Manuel Fraga): «...era posíbel e conveniente a convivencia entre o castelán e o galego...» (p. 69)

Aquí xorden os problemas, era posíbel unha convivencia equitativa entre as dúas linguas? Era esta idea do «bilingüismo harmónico» unha maneira de

iniciar un proceso de substitución lingüística da lingua galega? Era posíbel que todos os sectores do nacionalismo galego aceptasen a presenza social do español? Tiña a Xunta de Galicia un verdadeiro interese na conservación e promoción do galego?

A Administración autonómica galega asumiu como obxectivo prioritario a incorporación da lingua galega ao ensino, proceso que comezara no 1979, antes da redacción do Estatuto. Procurouse tamén facer do galego a lingua do funcionariado e das Administracións Públicas (este aspecto vai ser tratado noutro volume deste Proxecto) nun duplo nivel: realizar en galego moitas *das xestións cos cidadáns* e a esixencia do coñecemento do galego no acceso á función pública.

A Xunta quería que o galego fose a lingua dos medios de comunicación públicos autonómicos. A radio e a televisión autonómicas galegas xogan aínda un papel moi importante na consideración social da lingua: o galego é mellor percibido socialmente. Por exemplo, as series de produción propia tiveron unha grande e boa repercusión para a normalización lingüística. «Consideramos que a radio e a televisión de Galicia (TVG) foron os elementos, xunto co ensino, que xogaron máis favorablemente para o idioma galego.» (p. 97)

Non obstante, o labor dos medios de comunicación privados a favor da lingua é case imperceptíbel.

Resumindo, as accións da Xunta de Galicia deben cumprir coas obrigas xurídicas definidas polo Estatuto e pola LNL, evitar a confrontación por motivos da lingua, atender as demandas de promoción do galego na sociedade e manter e incrementar a comunidade galegofalante.

A política lingüística afrontou durante estes anos moitos problemas. Para os autores deste volume, o nacionalismo consideraba a Xunta como contraria á galeguización e criticou a insuficiencia das medidas tomadas; en sentido contrario, a Administración autonómica coidaba que os nacionalistas tiñan unha concepción radical que provocaba crispación social. A lingua foi desafortunadamente ideoloxizada. Ás tensións políticas engádese a confrontación pola norma, ou sexa, as diferentes tendencias normativizadoras: a reintegracionista (AGAL, MDL), a de «mínimos» (AS-PG, BNG) e a autonomista (RAG, ILG, Centro Ramón Piñeiro, Xunta). O debate sobre a normativa dificultou seriamente un diálogo construtivo a favor do galego.

Ademais, na nosa opinión, a Dirección Xeral de Política Lingüística non se comprendeu como unha unidade transversal, que afectase ao conxunto das Consellerías; sempre estivo adscrita á Consellería de Educación, o que freou unha actuación máis

completa, fóra do campo do ensino. «...case a totalidade dos responsábeis políticos con competencias sobre a cuestión foron persoas procedentes do mundo da educación.» (p. 123)

Con todo, este libro presenta moitas suxestións e solucións aos problemas xa vistos. En xeral, considérase que hai que garantir os dereitos individuais dos falantes e que as administracións públicas deben fomentar o galego; a igualdade entre as linguas pasa porque o galego teña unha posición preferente no uso público. A lingua é un elemento central da identidade diferencial galega e a Xunta debe intervir en cuestións lingüísticas en prol da lingua propia do país. Haberá que atinxir un grande acordo estratéxico sobre a lingua galega que permita separar a confrontación partidista da normalización lingüística.

Paga a pena resaltar a comparación que se fai neste volume entre as diferentes políticas autonómicas das Comunidades bilingües españolas, cunha evolución máis retardada no caso do galego e unha maior planificación tanto en Cataluña como en Euskadi. No plano dos partidos políticos galegos, segundo os autores, a forza mellor parada no plano lingüístico é o BNG, por diante do PP e do PSdeG-PSOE.

Para rematar debemos dicir que esta obra é un traballo moi detallado, ben elaborado, por exemplo, nas páxinas que estudan os orzamentos, e perfectamente estruturado: presentación, contexto, obxectivos, conclusións, etc. Xúntanse o cuestionario DELPHI e as conclusións del obtidas e posúe unha completa bibliografía que permite un estudo aínda máis profundo do tema tratado. En xeral é unha obra obxectiva que non cae na crítica esaxerada nin na louvanza, coidamos que nela exponse a situación tal cal é, con luces e sombras. A análise final dependerá do lector, a quen se lle ofrecen todas as ferramentas necesarias para obter as súas propias conclusións.

Podemos dicir, polo tanto, que esta dupla tendencia, do lado da dinámica social e do lado da intervención pública, marcará para a lingua galega unha situación paradoxal: nunca antes se interviña tan activamente na súa promoción e nunca antes estivera tan ameazada como tal lingua. (p. 210)

Diego MUÑOZ CARROBLES

MARINO, D. (2003): *De min para vós. Unha lembranza epistolar*, Vigo, Editorial Galaxia (Colección Memoria, n.º 1) e Cunqueiro, Álvaro: *Cartas ao meu amigo. Epistolario mindoniense a Francisco Fernández del Riego 1949-1961*, Vigo, Editorial Galaxia (Edición de Dolores Vilavedra, Colección Memoria, n.º 2).

No evoluir das editoriais sempre se dan mudanzas, en períodos máis breves ou máis longos, provocadas pola modificación das liñas, quer empresariais, quer editoriais. Xeralmente, son as propias dinámicas editoriais as que provocan estas revisións dos proxectos. Cando se producen mudanzas drásticas que provocan a substitución dun equipo directivo por outro, como aconteceu na editorial Galaxia pola súbita morte do antigo director Carlos Casares e coa incorporación de Víctor F. Freixanes, a propia mudanza persoal implica unha revisión que vai ligada ao novo carácter que a/s nova/s persoa/s que están ao fronte lle queren imprimir. O feito é que a nosa máis antiga editora presentou mudanzas, non moitas porén si importantes, que se puideron ollar ao longo do ano 2003. En primeiro lugar supuxo unha renovación xeralizada dos deseños de todas as coleccións (moderada aínda que importante, xa que combina tamaños e deseños clásicos con propostas máis innovadoras —se callar, os tempos tampouco están para botar estalotes, e xa se sabe que onde hai galo non canta galiña—), a reactivación dalgunhas coleccións («Dombate»), a recuperación doutras («Illa Nova») ou a inauguración de novas como é «Memorias», da que saíron os dous primeiros números. Achamos interesante a clasificación deste material nunha nova colección xa que antes a colección «Ensaio» acollía todo o que se pode encadrar nesta etiqueta xenérica que, coma todas ou incluso máis, sempre causa problemas.

Os dous primeiros volumes destas coleccións son obras escritas por homes ligados dun xeito ou doutro ao chamado galeguismo cultural, que tivo en Galaxia a súa toma de posición concreta máis decidida. O primeiro destes libros é unha autobiografía de Marino Dónega escrita cun xénero epistolar e dirixida a unha parella de mozos amigos do autor. Esta estratexia narrativa presenta, ao noso parecer, varios obxectivos básicos: primeiro delimitar en capítulos a narración, permitirse licenzas narrativas (digresións varias, contar anécdotas, etc.) que lle dan maior informalidade e un ton máis directo, case íntimo, que puxa pola curiosidade do lector. En segundo lugar válelle ao autor para inquirirse a si propio sobre aquelas lagoas, contradicións ou silencios da súa propia narración, á vez que este presunto «diálogo» epistolar procura maior veracidade, e incluso sinceridade, para o narrado. O resultado é satisfactorio pois déixase ler con axilidade e mantén a atención do lector. Porén, malia ser esta unha obra de pensar «cara a fóra», coa subxetividade propia do «autobiografismo» (incluso coa «Illusio» do creador da que nos fala Pierre Bourdieu) cuxo principal mérito está

nun rico anecdotario e ofrecer a perspectiva dunha persoa que estivo moi perto dos persoeiros máis importantes do galeguismo, aínda que case sempre desde unha certa distancia, hai moito de *dejá vu*, non porque ofrezca a visión dunha xeración bastante coñecida senón polo punto de vista narrativo. Mágoa que, como nos di no prólogo Andrés Torres Queiruga, non tivese tempo de escribir os apartados da súa biografía desde os anos setenta á súa morte, porque serían ben ilustrativos dun devir vital que así fica incompleto para o lector. Aínda así, e desculpenos o autor do prólogo, algunhas das notas darnos pistas sobre os anos que faltan, sobre todo a narración do acontecido na IV reunión da Unesco en Montevideo no ano 1954 (pp. 170-172) e as súas consecuencias, do que moi recentemente nos ilustrou o profesor Alonso Montero (*A batalla de Montevideo*, Vigo, Xerais, 2003).

O segundo volume, tamén de xorne memoria-lístico, recolle as cartas que Álvaro Cunqueiro lle escribe desde Mondoñedo, onde estaba «recluído» despois do seu paso por Ortigueira, Madrid e Donosti e nun momento de descontento e desilusión, entre 1949 e 1961, ao seu grande amigo Francisco Fernández del Riego. Tal como se trata-se da *Esmorga* de Eduardo Blanco Amor, aínda que neste caso o interlocutor do que non sabemos senón que intuimos as respostas non é un xuíz senón o seu amigo Francisco Fernández del Riego. Trátase de noventa e cinco cartas nas que aparece o mellor Cunqueiro, sempre no bordo da realidade e coa fabulación coma a mellor das compañeiras, sempre cun lirismo omnipresente (o vento de Mondoñedo atravesa o espistolario dunha punta a outra). Preceden as cartas dous prólogos. Un de Francisco Fernández del Riego que sentido e saudoso rememora a relación co amigo de case toda a vida. Antes aparece un imprescindíbel limiar da profesora Dolores Vilavedra no que enmarca a produción espistolar de Cunqueiro, tanto desde o punto de vista temático, como no contexto histórico-político, como no proxecto galeguista de acción cultural. Tamén son súas as notas a rodapé que aclaran, explican, contextualizan e ofrecen datos históricos do contido de moitas cartas. Sen dúbida, estas notas permiten disfrutar da lectura das cartas de Cunqueiro con maior intensidade, ao tempo que serven para rever aspectos da historia do galeguismo, e por tanto do país, na década dos cincuenta.

Estas misivas moitas veces son tan breves que nos fan lembrar os e-mails de hoxe en día, e tamén que por estes e-mails actuais (máis breves, máis sobrios e simples, na maioría dos casos) no futuro será moi-

to máis difícil conservar textos epistolares desta intensidade e beleza. Aparecen tratados nestas cartas moitos temas. Algúns deles resultan sumamente interesantes: o seu proceso creativo (sobre as propias obras, sobre os títulos, etc.), así coma a experiencia editorial, sobre todo polo empeño e ánimo do seu amigo Francisco Fernández del Riego. Outras páxinas deste libro destilan ironía e sarcasmo para comentarlle ao seu amigo cuestións sobre as traducións, sobre os seus problemas económicos, ou coa censura (a el, que tivera unha postura de certa complicidade nos inicios do réxime), sobre as súas amizades e inimidades (significativos son os comentarios que fai de Celso Emilio Ferreiro, entre outros). Tamén sobresaen aquelas misivas en que se percibe o compromiso co país dun Cunqueiro heterodoxo, que, precisamente por selo, tivo dificultades tanto con uns como con outros. Por outra banda, resulta comprensíbel que se respecte a lingua empregada tal como a escribiu o seu autor, mais, sentiríase incómodo Cunqueiro se se harmonizasen e depurasen algúns hiperenxebriños e castelanismos tan propios da época como «oxe», «ahí», «si» condicional, «prósimos», «semán», etc.? Sería un debate, un de tantos, aos que Cunqueiro lle engadiría algún soño para facelo máis práctico.

En definitiva, o material reproducido mostra os anos decisivos na recuperación para o galego, para o sistema literario galego, de Álvaro Cunqueiro, desde a súa propia vontade e colaboración, tanto pola consciencia das escollas repertoriais das súas obras (únicas, a contracorrente das modas da altura), como pola solidez da súa toma de posición da que fahendea, malia á incompreensión da maioría. En fin, unha viaxe aos mundos de Álvaro Cunqueiro por dentro, porque, como se di no prólogo, isto todo é «algo máis ca un epistolario».

Miguel LOUZA OUTEIRO

FERNÁNDEZ, M. A. (2002): *Un nicho para Marilyn*. Editorial Galaxia, Vigo.

Tras *O sabre do Francés* é esta a segunda novela de Miguel Anxo Fernández (O Carballiño, 1955), pola que recibiu o Premio García Barros. Investigador e crítico cinematográfico, a súa paixón por esta arte inunda as páxinas desta obra, unha novela policiaca algo atípica, certo, pero que posúe un sabor de clásico do xénero.

Comezando con dous epígrafes dos historiadores cinematográficos Luis Gasca e Donald Spoto, o libro introdúcenos nesa California («bárbara»)

que crea e alimenta mitos ata o imposible pola súa mesma necesidade de devoralos.

As primeiras liñas xa encadran o relato á maneira clásica: unha voz en primeira persoa que se identifica como protagonista do relato (de pai galego, «represaliado polo cristo do 36»), comenta como chegou a Los Angeles e a exercer de detective privado «que dispara pouco, renega do tabaco e sae bastante do tópico alimentado polo cine e a literatura barata». O primeiro capítulo serve para poñernos en antecedentes sobre o que será o tema da novela: o tráfico de cadáveres famosos (especialmente de estrelas de cine). No segundo, unha vella actriz con cartos fai un encargo ao detective: atopar o cadáver de Marilyn. E é a partir de aquí cando realmente nos mergullamos nun ambiente de cine negro: descrições e escenarios que fan inevitable a referencia a clásicos como *The Big Sleep* ou *The Maltese Falcon*, pero mantendo unha certa distancia coa ironía que percorre a linguaxe e os personaxes.

No terceiro capítulo atopamos un cambio a narrador omnisciente en terceira persoa que aporta detalles ao lector. O autor empregará esta técnica en seis capítulos máis cos que afondará nas distintas personaxes que tecen a trama (tamén servirá para presentar algunha escena dende outra perspectiva). A historia, a partir da encomenda, levará ao detective a cruzarse, sen el sabelo, cunha brigada especial da policía representada polo Tabasco, axente orixinario de México e do que se serve Miguel Anxo Fernández para facer unha crítica: «O de América como país da igualdade de oportunidades estaba moi ben para a propaganda, pero aí remataba o conto».

O resto de personaxes que desfilan pola obra tamén son presentados sempre con máis ou menos ironía, que vai dende a divertida recreación da ineptitude de dous matóns ata o esperpento dos necrófilos Tara Colbert e Sugar Jones. Ambos representan a corrupción moral á que pode chegar unha sociedade rexida polos cartos e os valores máis superficiais imaxinábeis: se a primeira sería o retrato de muller fatal sen escrúpulos (xa maior, pero igual de infame), o segundo é un psicópata da Louisiana de familia adifeirada (lembramos o sur profundo, escuro e violento tantas veces amosado en películas e novelas estadounidenses) de perversións inquetantes. Tamén a secretaria do protagonista está retratada con ironía, xa que, lonxe do estereotipo que esperaríamos, é, coma di o título do capítulo adicado a ela, «unha secretaria diferente», de formación máis que sorprendente, pero cuxas cualidades agacha, porque o seu xefe «gozaba abondo como estrela da película

e tendo a oportunidade de facer agromar de cando en vez unha miguíña do seu primario paternalismo».

Narración de corte tradicional (lineal, agás por un par de flashbacks do narrador en terceira persoa), segue, como xa dixen, os pasos das obras do xénero, pero tendo o gran mérito de empregar un galego que adapta sen renxer o espírito das novelas de detectives (algo ben complicado de facer) a través dunha linguaxe que vai dende o coloquial ao lírico, sempre axeitándose aos personaxes.

É esta, en definitiva, unha novela correcta dentro do xénero, que non decepciona e na que non fallan os apartes detectivescos («unha boa táctica de defensa é un seguro de vida na miña profesión» ou «se apareces feito unha rosa dá pé a que pensen que non a rascas e iso afecta ao prestixio»), así coma tiros e persecucións, pero da que sobre todo salientaría as referencias constantes ao mundo da pantalla (que amosa a paixón do autor quen, por certo, tamén é crítico de cinema e televisión nun xornal de prestixio) entre as que atopamos a un protagonista que «ten un aquel a William Holden», «uns chanzos que semellaban os da mansión de *Foixe co vento*, coma se nun instante fose aparecer Vivien Leigh» ou «unha escenografía peliculeira que por intres me lembraba a *Traédeme a cabeza de Alfredo García*, aquel memorable filme de Peckinpah que, mágoa, seica moi poucos apreciaron o moito que valía».

Hugo RAMOS

FRÍAS CONDE, F. X. (2003): *A literatura eonaviega contemporánea (Notas sobre literatura galega de Asturias)*, Mesa prá Defensa del Galego de Asturias, Eilao, p. 124.

Neste libro atopamos un breve pero interesante resumo do percorrido da literatura en lingua galega escrita en Asturias, alén do río Eo. O autor é, de feito, un apaixonado pola lingua e a literatura galegas do Eo-Navia e mesmo, escritor en galego eonaviego e normativo.

Ábrese este ensaio cun prólogo de José Antonio López Silva no cal presenta a obra, o autor e mais as súas intencións e obxectivos.

O libro de Xavier Frías mostra, precisamente, a evolución histórica dun marco periférico de escritores vinculados a un sistema minorizado, o galego, con todo o que iso implica. (p. 13)

A primeira parte serve como introdución ao galego de Asturias desde o punto de vista filolóxico e lingüístico, «xa que nos dezaioito concellos máis

occidentais do Principado usan o galego arredor de sesenta mil persoas.» (p. 15). Fálase tamén das particularidades do sistema literario eonaviego, con personalidade propia dentro das letras galegas.

O primeiro capítulo adicado á historia da literatura eonaviega do século XX trata o seu primeiro tercio, «en ningún caso se trata dunha actividade literaria seria e continuada —agás os casos de Cotarelo Valledor e Santos Ferrería» (p. 23). Tapia será o punto de referencia cultural e a súa variedade lingüística local, a máis empregada. O xénero preferido será a poesía, cunha notábel presenza do sentimento da señardade.

Os anos do franquismo foron difíciles para os escritores en galego de Asturias, especialmente nos primeiros tempos da ditadura. «A partir dos anos sesenta dáse unha certa permisividade: agora o idioma vernáculo aparecerá no folclore» (p. 35). A lingua usada será o galego local «sen pretensións de buscar unhas formas comúns» (p. 35). Cómpre mencionar os nomes dos poetas Benjamín López, Daniel Vargas e mais Xosentoño do Pallarín. Non podemos esquecer a literatura costumista, «o único que sobreviva durante os corenta anos de franquismo» (p. 40).

Coa chegada da democracia en España, a Bisbarra Eo-Navia non ficou allea aos movementos que tanto do centro de Asturias como de Galiza lle chegaron sobre a normalización e mais a normativización da lingua» (p. 44). pero con opinións ben diferenciadas: dunha banda, a tendencia a normativizar sobre o galego estándar e doutra, o achegamento ao asturiano.

Á primeira xeración, a do Ruxurdimento, pertencen por exemplo Manuel García «El Galano», Alejandro Antúnez ou Adela Conde. A poesía será o xénero máis cultivado. Despois virá a xeración dos críticos co franquismo e o renacemento do artigo de opinión. «Aquí non podemos esquecer a revista A Freita, pioneira na aparición de artigos en galego de toda caste» (p. 51). A xeración dos oitenta presenta un panorama renovado aínda que máis dividido pola cuestión da galeguidade da fala. Entre os autores deste grupo inclúese o propio Frías Conde, Xavier Vilareyo ou Viqui Veiguela.

Para rematar este volume o autor propón un repertorio da literatura eonaviega, unha antoloxía de textos poéticos e narrativos: «o complemento ao estudo teórico anterior, con toda clase de textos» (p. 71).

Xavier Frías Conde afirma descoñecer o futuro do galego de Asturias, na súa opinión o principal obstáculo «é a división en dous bloques antagónicos» (p. 63), os xa ditos galeguista e asturianista. «Non se conta cun estatus de recoñecemento e protección... a fronteira política é por veces unha

barreira impermeábel» (p. 63). Con este pequeno pero completo ensaio, o autor érguese como voceiro dunha minoría galegofalante que non debe ser esquecida nin ignorada. A resposta está nas mans dos eonaviegos.

Diego MUÑOZ CARROBLES

GÓMEZ CLEMENTE, X. M. e RODRÍGUEZ GUERRA, A. (coords.) (2003): *Neoloxía e lingua galega: teoría e práctica*, Vigo, Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo.

A Universidade de Vigo vén de dar a lume este volume cun obxectivo duplo: ofrecer datos sobre a creación léxica nos medios de comunicación escritos galegos e presentar algunhas nocións teóricas básicas sobre neoloxía. Os destinatarios directos son os estudantes das materias de Neoloxía e Terminoloxía desta universidade mais coidamos que tamén será útil para todos aqueles que traballan nos Servizos Lingüísticos (SS.LL.) dado que se atoparán con frecuencia con este tipo de unidades léxicas.

A obra está estruturada en catro capítulos. Comeza con cinco artigos teóricos, case todos procedentes do mundo francófono e publicados a principios dos setenta. O segundo capítulo aplica á práctica os conceptos expostos no anterior. Estoutros artigos, agás un, son reelaboracións de traballos presentados nunhas Xornadas de Neoloxía celebradas en Vigo en 2000. Finalmente incorpora unha bibliografía con case catrocentas referencias, na que se intentou conxugar exhaustividade e selección (con predominio da primeira), e un interesante índice de formas neolóxicas galegas citadas con máis de dous milleiros de termos. Ambos os dous, bibliografía e índice, son obra dos coordinadores.

No primeiro artigo do bloque teórico, Louis Guilbert constata xa en 1971 que a posición ocupada pola Academia e os escritores no relativo á creación e ratificación de novas palabras está sendo invadida polos medios de comunicación. Desde unha perspectiva estruturalista, elabora unha tipoloxía para os neoloxismos. En consonancia con esta óptica, ve os neoloxismos como actos individuais que poden acadar o colectivo.

A seguir, Jean-Claude Boulanger (1989) bosquexa unha historia da neoloxía e do seu estudo e presenta os diferentes significados que se lle poden dar a este termo. Así mesmo, salienta a necesidade de coordinación da comunidade francófona neste campo para garantir unha certa estabilidade

futura, e avisa da obriga de non perder o tren das industrias da lingua se se quere manter o francés como lingua internacional.

No terceiro artigo, Bernard Quemada (1971) defende un modelo de xestión neolóxica participativo, democrático e moderno. Afirmar sen complexos que «a historia de tódalas nosas linguas é a historia da súa neoloxía» e ve nela un índice de vitalidade. Neste senso, comenta a posibilidade de inventar termos por adiantado, de facer da creación neolóxica obxecto de estudo no ensino secundario e superior, de usar os bancos terminolóxicos e os inventarios de neoloxismos, etc. Con todo, cita a necesidade de asistencia para os que teñen que lidar con estas novas unidades, que no fondo somos todos.

No mesmo ano có anterior, Louis Derooy cualifica de ilusión a perspectiva sincrónica e afirma que unha lingua vén sendo a media da que usan as tres ou catro xeracións que conviven simultaneamente. A necesidade de entendérense estas tres ou catro xeracións frearía o ritmo dos cambios. Desde un punto de vista tipolóxico, agrupa os neoloxismos en creacións e préstamos e critica a división en necesarios e innecesarios. Por outra banda, coída que a posibilidade de intervención no feito neolóxico se circunscribe, sobre todo, á motivación.

A continuación, Raúl Araya repasa as definicións dadas para neoloxía e neoloxismo polos principais teóricos e repasa os criterios aplicábeis para a identificación dos neoloxismos: diacronía, lexicografía, psicoloxía, etc. Tamén comenta os problemas metodolóxicos que estes criterios implican. No caso do galego, ve positivo que o criterio psicolóxico complementa o lexicográfico, tendo en conta as carencias dos nosos dicionarios.

O bloque segundo, como dicíamos centrado en cuestións prácticas, ábrese cun traballo no que Xosé María Gómez, Alexandre Rodríguez e Raúl Araya explican a metodoloxía empregada no Observatorio de Neoloxía da Universidade de Vigo, proxecto nacido en 1998 sobre modelos cataláns e da francofonía, principalmente quebequeses. Para empezar, explicitan os seus ambiciosos obxectivos: elaborar un corpus de neoloxismos da prensa en galego e pólo a disposición dos investigadores, estudar as regras que rexen a súa emerxencia, preparar un dicionario de neoloxismos, contribuír á mellora das obras lexicográficas ou colaborar na tarefa de normalización das palabras novas. A fonte de información escollida foron tres cabeceiras que utilizan exclusivamente a nosa lingua: *O Correo Galego*, *A Nosa Terra* e a revista *Tempos Novos*. Como corpus de exclusión empregáronse fundamentalmente, ata 2000, o di-

cionario Xerais de 1993, o da Real Academia de 1997 e o *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega*. A partir de 2001, incorporaron o Gran Xerais e mais o corrector *Galgo*. Como obxectivos de futuro, apuntan á ampliación das fontes de información —cara a Internet e gravacións orais—, e á utilización dunha aplicación informática que detecte automaticamente os neoloxismos formais.

No seguinte artigo, con moito o máis extenso do volume, Xosé María Gómez e Alexandre Rodríguez analizan pormenorizadamente e clasifican o corpus descrito no parágrafo anterior. Chama a atención no relativo ós préstamos a pouca presenza de lusismos (superados amplamente por castelanismos e anglicismos) que, por outra banda, adoitan ser termos de circulación restrinxida. Este feito semella traizoar o espírito das *Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego* e, en xeral, da constitución do estándar galego. Estes autores comprobamos que o procedemento máis habitual para a creación de palabras é a derivación, sobre todo mediante sufixos. Ademais é tamén o que entra con maior facilidade nos dicionarios. A continuación, seguiríana, por esta orde, a composición e o préstamo. En conclusión, pensan que o galego goza dunha vitalidade relativa xa que emprega con frecuencia procedementos internos para crear novas unidades. No outro lado da balanza, estaría a excesiva tolerancia cos barbarismos, que se incorporan habitualmente sen adaptación ningunha.

Pola súa parte, Anaír e Beatriz Rodríguez céntranse no estudo do castelanismo na prensa galega. Atopan que os castelanismos de luxo superan amplamente os que veñen cubrir un oco denominativo. Ven tres causas para isto: a dependencia das axencias e da prensa de ámbito estatal, o desleixo dos xornalistas e mais a aceptación acrítica dos castelanismos. Así mesmo, ven no argot un dos eidos máis castelanizados e preguntánselle se é posíbel un argot propio mentres o español exerza de lingua teito.

Xa fóra da esfera galega, Judit Freixa e Elisabet Solé dan conta de como se utilizaron os datos do Observatori de Neologia da Universitat Pompeu Fabra na actualización das obras lexicográficas máis sobranceiras do ámbito catalán. Neste senso, estudan tanto os criterios que guiaron a entrada dos neoloxismos nos dicionarios coma os que aconsellarían a inclusión nas gramáticas das regras de formación destas palabras novas.

En definitiva, alén do seu innegábel interese, trátase tamén dun texto de utilidade especial para todos aqueles que teñen que traballar con traducións ou correccións, xa que a presenza destes ter-

mos avanza exponencialmente co fenómeno da globalización. É tarefa de todos ponderar sen complexos este fenómeno e colaborar a que a nosa lingua o someta a unha saudábel dixestión.

Moisés BARREIRO.

IGLESIAS ÁLVAREZ, A. (2002), *Falar galego: «no veo por qué»*. Aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galicia, Vigo: Xerais, 335 pp.

Falar galego: «no veo por qué» é o primeiro libro de Ana Iglesias, doutora en Filoloxía Hispánica e licenciada en Filoloxía galego-portuguesa. Nel a autora consegue traspasar as fronteiras do escrito e chegar ao lector como se fose alguén que ten diante, ao que lle está contando o que pasa en Galicia no ámbito sociolingüístico, con exemplos do que di este ou aquel outro. Resulta salientable o ben enfiado do argumento e o modo en que sabe enganchar o lector. Pero ademais de todas estas bonanzas formais, temos que destacar que esta publicación é transcendental polo que supón no campo da Sociolingüística en xeral e da galega en particular.

A aproximación cualitativa, a única válida se queremos achegarnos aos datos de maneira directa, é unha metodoloxía pouco utilizada neste ámbito de investigación na nosa comunidade. Ata o de agora o habitual eran os estudos cuantitativos, pero o camiño de acceso aos datos de maneira cualitativa tivo que tardar uns anos para poder comezar a ser transitable.

Non obstante, esta obra debemos valorala non só pola novidade que supón a utilización dunha técnica propia da Socioloxía na análise cualitativa dos datos, o «grupo de discusión», senón porque axuda a incrementar a lista de traballos centrados na nosa situación, xa que tampouco gozabamos dunha cantidade inxente de estudos sociolingüísticos centrados no noso ámbito «bilingüe».

No libro atopamos dúas partes ben diferenciadas, unha primeira na que a autora dá conta do marco teórico no que se inscribe o seu estudo e da metodoloxía escollida, e unha segunda parte na que xa se centra na súa investigación, describindo o traballo de campo e analizando os resultados obtidos a raíz desa recompilación de datos.

Segundo o noso punto de vista, o máis destacable deste traballo é a utilización da «voz da maioría silenciosa», porque con iso a autora consegue que todos nos sintamos implicados. Cada lector

pode recoñecer o discurso dalgún dos informantes como propio ou ben como o propio de alguén achegado a el, polo que a identificación con algún dos personaxes é automática e isto fai que a complicidade sexa maior. As repercusións son obvias. Hai que recordar que un dos fundamentos da linguaxe é o simbólico, e as linguas son símbolos de identidade. Entramos no plano da conciencia, onde os sentimentos xogan un papel principal; trátase do que simboliza a lingua dun.

Facendo unha lectura guiada, prescindindo dos puntos máis centrados en aspectos técnicos, consideramos que esta obra pode ser un punto de apoio para os profesores de secundaria, e estamos seguros de que moitos alumnos cambiarían a súa perspectiva cando se recoñecesen a si mesmos nos argumentos utilizados polos informantes desta investigación. Só coa lectura do libro conseguiríamos que reparasen no chamado «discurso da imposición», e só a partir do apercebimento de algo se pode chegar a poñer remedio a unha situación que, de seguir así, terminará co debilitamento da nosa lingua.

Desde o noso punto de vista esta publicación non só ten un valor investigador senón tamén divulgador. Visto así, poderíamos considerar esta obra como un material imprescindible para calquera que se sinta implicado nun tema que atinxe a todos: as linguas.

Despois da lectura do libro da Dra. Ana Iglesias, xa «vemos por que» hai que falar galego. Non sei se este era un dos propósitos que a autora perseguía, pero si é o resultado que obtén por parte dos lectores. Aínda que só cumprise este obxectivo, só con iso xa obtería un logro notable: concienciar a todo aquel que o le de que ten que falar a súa lingua porque é súa, porque non é peor ca outra, e porque a pluralidade lingüística non é unha lacra senón unha vantaxe.

Quizais o que botamos de menos neste estudo é que a autora non teña o poder de saber resolver a situación de conflito lingüístico de Galicia. Oxalá puidese sacar unha variña máxica e facernos algún truco. Mentres tanto, o traballo correspóndenos a cada un de nós, no día a día, e, sobre todo, ós responsábeis da aplicación dunha determinada política lingüística na nosa comunidade.

M.^a PILAR OTERO CABARCOS

LÓPEZ LÓPEZ, X. (2002): *A estraña estrela*; Vigo; Editorial Galaxia.

Aínda que novo, Xabier López López, nado en 1974, publicou xa varias novelas coas que acadou

unha grande repercusión na crítica e o recoñecemento á súa valía co Premio Risco de Literatura Fantástica 2001 coa obra *O Caderno*.

O escritor é considerado un dos autores da década dos noventa cun maior afán de renovación, e isto vai ser o que vexamos na obra da que imos falar: *A estraña estrela*.

Para comezar, podemos dicir que esta novela vai dos temas máis xerais aos máis particulares e, falando dalguns dos máis universais da literatura, non esquece tampouco aqueloutros que están máis preto.

Nela, a través do personaxe principal, Emilio Amarante, e os estraños acontecementos da súa existencia, o lector vai percorrendo distintos tempos históricos e distintos lugares, para se decatarse de que a fin de todas as viaxes é a mesma: a morte. A través das moitas aventuras que nos contan, enxergamos a idea da vida como ciclo que comeza unha e outra vez e que é imposible de mudar, un ciclo no que o home vai na procura duns ideais que nunca chega a acadar.

Emilio Amarante ten a peculiaridade de aparecer, despois de cada morte e sendo xa adulto, en distintos tempos e lugares nos que está ata que volve morrer, a máis de ter a capacidade de lembrar con claridade cada unha das súas vidas e mortes. Na novela, lomos, narradas por el mesmo, nove destas vidas. Cada unha delas constitúe unha historia, con cadanseu argumento e, ás veces, cun final inqueda que recorda os relatos de Fole ou Dieste. Deste xeito, o libro lese como un conxunto de relatos onde o fío conductor son o protagonista e o tema subxacente en todos eles: a imposibilidade de conseguir a felicidade.

Esta estrutura lévanos a falar da posíbel influencia das coleccións de contos medievais (*O conde Lucanor, As mil e unha noites...*) que, xunto a influencia explícita das *nouvelles* dezaoitescas, os preliminares semellantes aos do Século de Ouro, ou a parte na que semella unha novela utópica, déixanos ver que, aínda sendo unha obra de todo novidosa, toda unha tradición literaria corre polas súas liñas.

A literatura é, polo tanto, unha das fontes do escritor, pero tamén o son a historia e mais a tradición.

Pola súa banda, a historia ten unha dupla función. A primeira sería crear un contorno espazo-temporal aberto, de xeito que o lector acoda ao París do século XVIII (cap. IV), ao Londres do XVI (cap. VIII), a un serrallo turco (cap. V), ao mar dos corsarios, a un deserto etc. Cada un dos séculos e os lugares con cadanseu personaxe senlleiro: Robespierre, Drake, Pondal, Feixoo e Sarmiento, entre outros. Os dous freires ilustrados compren un papel máis relevante posto que son os que escoitan a Emilio Amarante no tempo que constitúe o presente narrativo.

A segunda función da historia é amosar a universalidade da tese que defende a novela. Nunha das súas vidas, Emilio Amarante atopa o pracer, pero este pracer cústalle a vida (cap. V), noutra decide ir trala fortuna e mais o poder, pero antes de ser quen de comezar a procura, morre (pp. 127-130); busca o amor verdadeiro, pero tampouco o da conseguido (cap. XIII). O máis simbólico dos devezos frustrados do protagonista, o que máis desexa, é gañar ao seu sino; a fin desta procura é tamén a máis horrenda.

O simbolismo é claro, mesmo que o é o do home do deserto que camiña sen acougo cara a ningures, agardando por alguén que lle dea a chave da vida.

A mais de todo isto, na novela atopamos unha clara ideoloxía. Vémolos, por exemplo, nas alegacións pacifistas de distintas partes da obra (pp.75, 169-171), no modelo de sociedade de Utopía (cap. IX), ou na grande defensa do pobo galego, na que se une a crítica aos casteláns que tanto tempo o tiveron esquecido (pp. 109,149, etc.).

Para rematar, sobre o estilo e a lingua, hemos de louvar a amplitude de rexistros que emprega o autor, reflectindo distintos tipos de fala e distintos recursos estilísticos, entre os que, ás veces, atopamos os máis enxebres, os que pertencen á lingua galega de seu.

Poderían dicirse moitas máis cousas, pois a novela e ben rica en contidos, recursos, etc. pero podemos concluír afirmando que *A estraña estrela* é unha obra que paga a pena ler, pois ao rematármola, quedamos co arrecendo do entretido das historias mesturado co resaibo amargo do seu senso profundo, quedando este como pouso para facernos pensar.

Begoña REGUEIRO SALGADO

LUEIRO REI, M. (2003): *Derradeira escolma ferida (de onte, de hoxe, de mañán)*. Vigo, Edicións Xerais. p. 151.

Ramón Nicolás Rodríguez entréganos a edición do poemario póstumo de Manuel Lueiro Rei (1916-1990): *Derradeira escolma ferida*. Coñecemos a Lueiro Rei como xornalista —non deben deixarse esquecer as súas colaboracións en, entre outros, o *Diario de Pontevedra*, *O Correo Galego* ou *ABC*— e como home comprometido coa loita de liberdade e da verdade histórica.

É precisamente o seu compromiso co home o que salienta tamén na súa poesía, porque concibe

sen dúbida Lueiro Rei a escrita non só como modo de difundir a loita —a revolución— senón tamén como expresión íntima da anguria: «E teño tanta anguria no meu peito/ Que o dolor abáfame no moito» (p. 65).

Dende esta dobre ollada —malia tomar forma nun só eu lírico— a poesía toda de Lueiro Rei vai espallando pequenas pulsións que reconstrúen a vida do poeta, do escritor —non temos que esquecer tampouco a súa obra narrativa con títulos tan importantes como *Non debían medrar* (1974) ou *O sol na crista do galo* (1982)—, fundamente marcada pola contenda nacional de 1936.

A biografía de Lueiro Rei vai traspasada por intensas feridas, nomeadamente provocadas pola Guerra Civil. Deste feito, o autor non esquece a súa orixe, fillo dun mestre de aldea, nin o seu traballo como axudante nunha forxa d'O Grove, nin, de contado, a represión que sofre —traballando xa como funcionario— por parte do réxime franquista, mesmo cando colaboraba con Radio España Independiente ou como militante clandestino do PCE que ía e viña do Vello Continente para o Novo, coñecendo, entre outros, a homes tan loitadores como Luís Seoane, a quen lle dedica unha sentida homenaxe.

Noutro contexto —máis preto quizais á morte do tirano— poderíase dicir que Lueiro Rei escribe co seu sangue ou o sangue dos homes da terra que non se deixaron mercar polos cartos miserabeis do cacique. Mais agora, coa reflexión dos anos, podemos dicir que ademais Lueiro Rei deixa constancia da situación de tantos galegos so a represión no ominoso período que media entre 1936-1975. Cheo da conciencia de clase e da ansia de liberdade, o autor traza unha semblanza indelével —grazas a editoriais como Xerais que cumpre certas dúbidas históricas— cara ás próximas xeracións. Este feito —ademais do valor lírico— é o que fai necesaria a lectura do intenso poemario que hoxe presenta Xerais.

Derradeira escolma ferida pecha a serie que comeza con *Escolma ferida* (1977), continúa con *Nova escolma ferida* (1988) e remata con esta entrega, infelizmente a derradeira. Lueiro Rei —cómpre dicilo— chega xa maduro á creación na lingua galega e probablemente influído polo seu contacto cos exiliados americanos. Antes do seu poemario —primeiro en galego— *Un tempo de sol a sol* (poemas do neno galego) publicado en Bos Aires no ano 1971 tiña xa escrito en castelán *Juncia de amor y vida* (1959), *Sonetos a la ciudad de Vigo* (1960) ou *La noche espera al alba* (1971).

Ainda a pesar desa madurez literaria, a escrita galega do autor está chea de frescura, dunha loita

coa linguaxe que non soa artificial, que ten ese xeito de sinceridade que caracteriza toda a poesía de Lueiro Rei:

Falo así
Como sei
Ao meu modo.
Hasta direi:
Falo así:
Como podo. (p. 77)

Brechtiano visceral, a actividade poética do autor vai ben definida por Xesús Alonso Montero no «Proemio» ao poemario:

É certo que Lueiro, tan «radical» (que vén de'raíz') foi un poeta decididamente xusticeiro, ás veces tan belixerante que, nalgúns casos, a espada brillaba máis que a canción. (p. 8)

Mais tamén é certo que esa espada acerca a Lueiro Rei á modernidade:

Vivir non é coma ti pensas
Palurdo de güisqui e coca-cola,
Meter na hucha cartos e máis cartos
(sí é roubando mellor que sen sudalo)
cheirar a gasolina cen por hora,
unha querida máis, tetuda e loira,
eu moi ben, ¿e Vd.? don Luís (o xefe da oficina). (p. 71)

Como podemos observar temos nunhos poucos versos faíscas de modernidade —ou posmodernidade— no tratamento humorístico do cotián, no pulo conversacional do poema e na súa coloquialidade. Lueiro Rei está a carón das correntes que se suceden no tempo, non é pois un autor «instalado» nunha forma de facer poesía, senón que madura ollando o que ten diante, nunha vocación do mimetismo, da actualización da mensaxe aos novos tempos.

Neste sentido, podemos destacar tamén a utilización da súa propia experiencia —con todas as connotacións poéticas deste termo— nos textos, non só como anacos de autobiografía, senón —e sobre todo— como existencia trascendente:

A tódolos poetas vivos, a tódolos poetas
Mortos, a tódolos poetas que aínda han
De nacer.

(...)

Dende min mesmo inverno, fáloche,
Cos pés no chan e a frente ergueita.
Dende min mesmo, fáloche. Dende o chan
Donde calco. Con sosego. Eu mesmo.
Sen dor nin pranto. Mais cecais

Coa tristura dunha man que perde.
Eu fáloche, irmá coa voluntá cumprida.
Coa serea verdade dunha ausencia. (pp. 84-85)

A transcendencia das feridas pode ser útil se se consegue o propósito da irmandade, unha irmandade que propiciaría a revolución: «Dámo-la mao coma irmáns/e loitar con dentes e uñas/contra quen nos asoballa» (p. 75). A mesma intención ten a serie «Poemas do neno» onde Lueiro Rei entronca coa linguaxe tradicional e está a facer cancións que lle remiten á súa propia infancia na vila de O Grove:

Nas corredoiras
Os nenos cantan.
Cantan os nenos
Cantigas vellas.

Mais os nenos non saben
Que cantan
As súas penas.

Nas corredoiras
Os nenos cantan
Cantigas vellas.
Os nenos medran
Canta que canta
Nas corredoiras.
¡Danme tristeza! (p. 115)

Mais tamén as lembranzas serven para denunciar as inxustizas presentes:

«Inverno de nenos»

Nenos de calisquera parte do mundo,
que aínda morren de fame, coa barriga tripuda,
as pernas coma canas, e os ollos mirando á morte.
Xamais souberon si os xeonllos fríos
É que estaban así por estar mortos,
Ou eran así por estar vivos. (p. 121)

Xa para rematar, destacamos que ademais do compromiso e do tema da infancia o autor escribe unha serie de homenaxes, instalados na elección, a personaxes como Alexandre Bóveda, Lorenzo Varela, Paco Galán, Blas de Otero, Luís Seoane, etc., como medio de rescatar a verdade histórica dos exiliados e da súa loita. Remata o poemario o texto «Xa sabedes» verdadeiro testamento do autor e constancia da súa poética, unha poética, como xa iamós constatando, de compromiso e claridade:

Son home
E non calo.

Hei seguir cantando o que me peta
Pois se non canto e berro
Hasta arrebento.
E non quero.

Xa sabedes. (p.133)

Luís LUNA

NEIRA VILAS, X. (2003): *Relatos mariñeiros*, Xerais, Vigo, pp. 127.

Sobre as escumosas ondas da última marea arriba ás nosas mans a máis recente creación narrativa dun clásico da nosa literatura. Estes *Relatos mariñeiros* preséntansenos como retallos das vidas daqueles galegos que tiveron que deixar os seus lares e sair á procura dunha vida mellor ao outro lado do Atlántico, lonxe dunha Galicia sangrada pola emigración. O autor, de xeito liminar, adiantanos o contido dos seus relatos:

As narracións que aquí van teñen como referencia e inspiración a comunidade de pescadores galegos das Mariñas, asentados na Habana durante os anos trinta, corenta e cincuenta do século XX. (p. 8)

Xosé Neira Vilas é testemuña privilexiada das vivencias deses homes do mar que, seguindo a profesión dos seus pais e avós, atoparon nas augas do Caribe e do golfo de México unha nova maneira de desenvolver-la súa vida sen esquecer por iso nin as raigames da súa cultura nin a súa lingua. Neira Vilas naceu en Gres-Vila de Cruces no ano 1928, coñecido pola súa obra *Memorias dun neno labrego*, moitas das súas composicións acontecen na comarca do Ulla onde o noso autor viviu ata os dezanove anos. Fillo de labregos, desempeñou diversos traballos aquí e logo de emigar á Arxentina en 1949. Ao mesmo tempo estuda e toma contacto cos intelectuais galegos exiliados. Sempre comprometido coa súa terra, funda as Mocidades Galeguistas en 1953, e en 1956 forma parte dos organizadores do I Congreso da Emigración Galega. Interésanos especialmente o seu casamento coa escritora cubana Anisia Miranda, filla de galegos, en 1957. Anisia e mais el fundan Follas Novas, editorial e distribuidora do libro galego en América. Froito deste matrimonio xorde o especial vencello de Neira Vilas e Cuba, onde se instala no ano 1961, participando activamente no proceso revolucionario. Na Grande Antilla impulsa a Sección Galega do Instituto de Literatura y Lingüística da Academia de Ciencias de Cuba, ata

o seu retorno a Galicia en 1972, regresando á illa con frecuencia para participar en actividades culturais.

Este ligame especial do noso autor coa paisaxe e os habitantes daquelas terras alén do océano, enche estes relatos dunha forte carga emotiva, e dunha verosimilitude que parece converter ao escritor no último elo na cadea de narradores que nos fai chegar estas historias, como se se tratase dunha verdadeira liña da tradición oral. Mesmo semella que Neira Vilas estáanos a contar algo que oíu no peirao de Santiago, ou sentado nun café da Habana Vella. É deste xeito que o escritor constrúe uns protagonistas que, en moitas ocasións, son ao mesmo tempo narradores, contadores de historias.

Ao longo destes vintedous episodios observamos e sentimos as duras e penosas condicións deses mariñeiros emigrados que, malia a loita contínua, van creando comunidade. Descríbense as xuntanzas de galegos e a súa mistura coas xentes vidas doutras latitudes: mexicanos, polacos, norteamericanos, africanos, etc. Agroman os nomes deses lugares nos que foron medrando as colonias de galegos: A Habana, Regra, Peixiño, Casa Branca, Cozumel, nomes que se xuntan a aqueles outros que simbolizan a terra nai, os topónimos de tódalas ribeiras galegas, que gardan en sí mesmos algo máis que a referencia a unha vila, parroquia, aldea ou lugar. Muxía, Malpica, Camariñas, Laxe, Ares, etc., encerran as máis fondas lembranzas da infancia e a arela por unha remota volta a Galicia, que non saben se se chegará a cumprir.

O escritor deseña para o lector un continente mariño delimitado polas costas que conforman o golfo de México, dentro dese continente será onde se desenvolvan as vidas dos mariñeiros protagonistas destes relatos, vidas a cabalo entre o mar e a terra, vidas marcadas polo esforzo por sobrevivir. Un sacrificio diario pola sobrevivencia que enfronta aos emigrados con dous poderosos inimigos: as tempestades do mar e o inmisericorde dominio dos armadores. Estes dous motivos flúen por tódalas narracións deste volume. Así en «O ciclón» o protagonista cóntanos como a súa salvación durante un furacán débese a que decidiu ir ao teatro en lugar de ir ao mar, e como pasou todo o temporal aferrado a unhas reixas. Os ciclóns provocan tamén o abandono do traballo e o firme propósito de ficar para sempre en terra, tal é o caso do protagonista de «Dende Caamouco» que por mor da forza dun formidable ciclón, e lembrando as súas desventuras e mailas dos seus compañeiros, decide deixa-lo mar. «Corentena» é a imaxe da dureza das condicións na que se facía a emigración.

Nesta ocasión, Xaquín conta a súa travesía atlántica: centos de persoas no fondo da adega dun barco que ao chegar á costa, tras sufrir o amoroamento e as tormentas tropicais, deben permanecer en corentena antes de desembarcar.

E sempre no fondo o mar que dá e quita a vida: «O mar profundo que garda os cadáveres de centos de galegos, que, ó longo do tempo, para gañaren a vida arriscárona e perdérona durante algunha tempestade» (p. 36). A terra americana que se espera atopar non resulta sempre esa terra acolledora coa que se soñaba, así nolo fai ver o autor en «Indocumentado», lenzo dun mariñeiro que tras sufrir moitas andanzas, vese forzado a traballar ás agochadas, por non ter papeis, vivendo nun estado de semiesclavitude. Reflexión cara a unha realidade que non resulta allea á sociedade na que vivimos. Esa mesma terra convértese en ocasións na morada definitiva dos náufragos, un lugar de descanso, lonxano do berce no que viñeron á vida; agora os últimos sinais terrenais do seu paso polo mundo, as súas tumbas, son atendidas por xentes descoñecidas. Esta imaxe nostálgica amósanola Neira Vilas en «Cemiterio», descripción dun humilde camposanto de mariñeiros galegos, afogados nas costas do sudoeste dos Estados Unidos, que situado ao pé dun faro e agarimosamente coidado pola muller norteamericana do fareiro, quen procura que as lápidas permanezan limpas e con flores frescas, querendo manter viva a memoria duns homes dos que non chegou a coñecer nin o nome.

Outras veces, aínda que vivo, o emigrado xa non voltará á Galicia, e asentado na súa nova terra lembra toda a súa vida contándoa aos seus familiares, como ocorre en «Historia de amor», onde Daniel, o protagonista, casado cunha cubana, ten dúas fillas que ao chegaren á adolescencia piden decote ao seu pai que lles conte o seu primerio amor cunha polaca de quen el garda algúns recordos materiais. Neste relato constátase a presenza e mistura de culturas moi diversas: a nacionalidade polaca desa primeira moza, a aparición de xudeus, a referencia aos Estados Unidos, a lingua castelá de Cuba, etc. En Pola Guadalupana o protagonista séntese máis novo ao contar as súas andanzas: como marchou cun patrón que traficaba, o seu namoramento dunha mexicana nas costas dese país, a fuga diante dos buques que ametrallaban as súas embarcacións, ata a resolución dunha desas aventuras na celebración da festa da Virxe de Guadalupe.

A arriscada operación do contrabando, que moitas veces se realizaba sen o coñecemento da tripulación de mariñeiros traballadores, conforma o eixo condutor de «Matufia», unha historia pre-

sentada baixo o modelo dunha carta que un mariñeiro escribe á súa irmá que quedou en Galicia. O infeliz personaxe detalla como acabou na cadea en Estados Unidos e en Cuba, por culpa dun compañeiro que traficaba con alcohol nos tempos da Lei seca norteamericana, e xustifica non ter escrito antes a causa da súa catividade. Problemas cos ianquis aparecen tamén en «Os puños do mugardés», relato que xira en torno aos formidábeis cotenos dun mugardés e a súa pelexa cun militar.

O compromiso do escritor coa causa obreira e a vivencia persoal da súa participación na revolución cubana permanecen latentes en moitas destas narracións. A loita dos sindicalistas contra a incontestable autoridade dos armadores amósasenos en «O esquirol», historia situada na folga do ano 1931, na que se contan as reunións dos traballadores en alta mar e o triunfo fronte aos armadores. Noutros casos a participación na folga obriga ao mariñeiro a quedar recluído na illa como castigo, é o que lle aconteceu a Severino, personaxe principal de «Outra vez en Casa Branca», detido por repartir os estatutos dos sindicatos confínano nun recuncho da illa ata que o rescata un patrón para devolvelo á Habana. A rivalidade entre armadores xorde en «O crime do Lázaro» onde se conta o encargo do asasinato dun armador por outro da competencia. A opresión do réxime machadiano aparece tamén en «Fuxitivo»: o protagonista recolle publicacións sindicalistas que chegan desde Barcelona, actividade que o leva a ser perseguido, tendo que fuxir e refuxiarse no monte onde o oculta un paisano carboeiro. Illado sobrevive como Robinson Crusoe e coa axuda do carboeiro ata que, tras meses de soidade, sae do agocho e torna a loita.

Noutros relatos observamos a vida de mariñeiros moi diferentes. «O negro Eliseo» conta o traballo que este africano, amante do baile, comparte cos galegos dos que aprende o idioma, e a súa morte loitando na Guerra Civil de España. «O mariñeiro artista» trasládanos ao mundo creativo dun home que partillaba o seu tempo no mar entre a arte da pesca e a arte figurativa, pintando cadros e esculpindo tallas. A búsqueda dun amigo integra o argumento de «Nicasio e o xuíz», unha historia contada dentro doutra historia, lembranzas doutras lembranzas. E o mar que acompaña na vida e na morte dos homes, perfecto escenario para un suicidio cerimonioso como o de «Sebastián».

Pero, por riba da tristeza coa que se vive a emigración, permanece esoutro espírito festivo, de celebración e de alegría polo fermoso regalo da vida, forza vital que estoupa nas melodías do saxofonis-

ta de «Un saxofón a bordo» e nas do protagonista de «O gaitero» que enche o seu fol de novas esperanzas tras vencer cada ciclón. Vida non só de traballo senon tamén de esmorgas e troulas como nos ofrece Neira Vilas en «Festa». Retratos dunha época nos que se reflicten varias xeracións de galegos, pinceladas cotiás coas que moitos se sentirán identificados.

Francisco Javier VARELA POSE

PEREIRA VALCÁRCEL, M. (2002): *Libro das viaxes*. Pontevedra: Litoral das Rías.

Este viaxe poético es el quinto poemario de Manuel Pereira Valcárcel, el quinto de su obra de creación individual, aunque el autor, integrante del grupo Bilbao de Madrid, ha participado desde 1989 en la edición de proyectos literarios colectivos. Entre ellos, el volumen *Intifada* recoge poemas de diversos autores que escriben como quien tira «pedras poéticas contra a ixustiza e a indignidade», leemos en una presentación electrónica (<<http://www.cultura-galega.org>>); la antología *En tránsito. Antoloxía de poesía galega en Madrid*, publicada con Vicente Araguas en 2001, o *Muller de doce sal. Homenaxe a Inés Canosa*, también editado en Madrid.

Cuando la lectora ya no puede demorar el trance de dar alguna razón de su divagar en varias direcciones por el libro objeto de su reseña, ve la necesidad de trazar las etapas que el autor puso en su viaje, y se da cuenta de que ningún índice las indica en la presente edición ¿Quizá para permitir que cada lector, lectora, invente su personal trayectoria?

Intencionado o no, quedando un tanto oculta la cartografía dibujada por el poeta, se difuminan los movimientos del viaje poético. De hecho, la ordenación de los poemas en un libro, los apartados y subapartados, e incluso el número de unos y otros, y los versos que anteceden cada uno de los apartados, tanto como las dedicatorias, agradecimientos, si los hay, son elementos paratextuales importantísimos para leer cualquier tipo de libro. Entre todos los libros, los poemarios son aquellos en cuya construcción cuenta más la voluntad organizadora que el poeta ha querido para los poemas, su intención de situar la propia obra en la tradición poética, entre potenciales lectores contemporáneos, e incluso respecto a relaciones estrictamente personales, exhibidas u omitidas, que funcionan como una clave más de interpretación.

Es en este sentido, que se echa en falta la página del citado índice, que vertebraba en la práctica el li-

bro, pero que el lector se ve obligado a reconstruir, a retrazar por su cuenta: «Partir». «Retratos». «Tránsitos». «Cidades». «Regresos». «Fin do trayecto». Éstas son, de hecho, las seis etapas del viaje poético de *Libro das viaxes*, flanqueadas por «Dedicatorias» y «Agradecimientos», al inicio y al final, convocatoria de amigos como aquellos que acompañan el viajero a punto de partir y a la vuelta lo van a esperar. Entre las «Dedicatorias» y el primer apartado, un solo poema parece funcionar como lema. Fin de trayecto es también un solo poema. Los demás apartados incluyen un número de poemas variable, que es siempre múltiplo de tres: 18, 9, 12, 6. Si interrogamos el simbolismo de los números, encontraremos que el seis se refiere a los días de la creación, un ciclo cerrado, quizá semejante al que propone emprender el primer poema: el viaje, como metáfora del gran y único viaje, el de la vida, acaso. El quinto, hemos dicho, libro de poemas de Manuel Pereira Valcárcel, se interroga sobre las coordenadas espacio-temporales de la vida, puesto que el viaje se configura como metáfora de la propia vida, como manera para reflexionar, desde diferentes tonos emocionales, sobre la vida.

En los versos se cruzan los verbos que tienen que ver con desplazamientos: «marchar, retornar, abandonar, volver, viaxar, navegar, naufragar, chegar, agardar, regresar, fuxir». Y los sustantivos que también se refieren a ellos: «viaxe, itinerarios, saída, regreso, pertenza, camiños, travesías, dirección, mapas, turistas, visitantes, equipaxe, senda, atallo, rumbo, estacións, tren, coches de liña, transportistas, ómnibus, fondas, hoteis, fronteiras, cidades, postais, paisaxe, horizonte, pasaxeiros, forasteira, mar, océano, mareas, quilómetros» y también «exilio». No todo sucede en la coordenada espacial, sino que el tiempo —el más concreto, el más abstracto— deja también su huella: «infancia, época, inverno, lonxe, eternidade, amencer, idade, orixe, horas, tarde, noite...» Y una variedad de sentimientos, alguno de los cuales íntimamente ligados al viaje: «fatiga, soidade», al lado de «ilusión, felices, nostalxia, pesadume, decepción, incertezas, melancolía...».

Pero el léxico por sí solo no puede dar cuenta de las imágenes, algunas de las cuales exigen que nos detengamos en ellas, como es el caso de los «intérpretes do territorio habitual», en los que la voz poética afirma que se ven convertidos los habituales habitantes de la casa frente a los «Visitantes» (p. 42). O en los árboles que, al paso del coche de línea que llevaba a las ferias en viajes cortos de ida y vuelta, «fuxían en sentido contrario» (p. 53). Los turistas, que no son viajeros, ¿podrán captar algo

más allá de lo que publica la «indiscreción dos mapas»? (p. 41) Las palabras son a veces, verdaderamente «cómodas / como roupa usada» (p. 49) y la vida, el gran viaje, quizá «un río de motores e luz artificial» (p. 54), encerrados como estamos en un automóvil que avanza por la autopista de noche. Como metáfora, quizá, de la extrañeza y de la soledad de este viaje oscuro.

Fina LLORCA

TORO, S. de (2003): *Morgún*, Editorial Xerais, p. 158.

Encontrámonos perante a nova publicación do recentemente gañador da última edición do premio Nacional de Literatura. Trátase dun libro de entredida lectura ao que se pode achegar un lector de calquera idade xa que se pode facer unha lectura superficial da aventura épica, e tamén outra máis profunda e pormenorizada na que se percibe unha simboloxía moi coidada.

No epílogo do libro o autor reconece que o relato non é unha idea orixinal súa senón que:

O que fixen foi limpar e ordenar o texto, puntualizalo e adaptar a linguaxe orixinal, o galego histórico, ás formas da escrita que son legais na actualidade. Omitín algunha parte que interrompía o relato lineal [...] e deixei quedar esta historia de Morgún (pp. 157-158).

Trátase dunha novela curta ou relato longo de estrutura sinxela: o texto está dividido en 24 capítulos titulados. Como é de esperar nun relato celta os títulos son explicativos, pero o sorprendente está en que reproducen as últimas palabras de cada capítulo que titulan; esta repetición de palabras ao principio e ao final de cada apartado reforza o carácter circular da obra, e a súa función reiterativa: ao final das seccións o lector ten a sensación de estar a ler algo coñecido xa que aínda perdura a lembranza do título na súa memoria.

Suso de Toro recorre aos temas máis comúns na literatura medieval, empregando unha linguaxe comprensíbel, moi adaptada á lingua actual, apenas sen arcaísmos pero que mantén certas estruturas («tres veces trinta soldados», p. 139), unha linguaxe metafórica («Alí arriba, no lugar por onde pasan os ventos», p. 128) e hiperbólica («doce homes caeron á terra dun só golpe da súa arma», p. 122; «seu exército, tan formidábel que tardou tres días en entrar todo pola porta», p. 123) que lle dan un ton arcaizante acorde coa ambientación histórica da obra.

O relato transpórtanos até o tempo remoto no que os Deuses celtas aínda se mesturaban co pobo («aquele era un tempo antigo moi lonxe deste, mais xa había xente no mundo», p. 14). A historia está dirixida a un público actual, a xente que xa non cre en mitos, lendas nin heroes («oídos torpes das xentes de hoxe que non acreditan na maxia e non han crer as marabillas...», p. 13); son persoas ás que debe chamar a atención directamente para que sexan conscientes do que se lles está a contar e do que van encontrar («escoitade ben os que estades a ler distraídos», p. 13). O narrador é consciente de se enfrontar a un público difícil, por iso apela á imaxinación do lector: «a quen nada cre, a quen ningunha cousa fía nada lle traio» (p. 14).

Para introducirmos nesta «historia chea de sangue, de terríbeis desgracias e de maxia» (p. 13) o autor fai uso dun narrador que forma parte do relato que está a contar, e que ao mesmo tempo fai de trovador ou contacontos: diríxese directamente á audiencia, adianta acontecementos a modo de exordio para que o público actual teña a mesma perspectiva que aquel que escoita unha lenda da tradición oral, da que xa coñece o desenlace e as características principais da narración. Deste xeito, o importante non é o que conta o xogar senón cómo o fai. Por iso temos un personaxe que fala en terceira persoa cando é o narrador testemuña, e en primeira persoa cando personifica ao co-protagonista do relato («E faloulle así ao seu fillo verdadeiro, a min», p. 69).

Dous Corvos (así se chama o narrador) rodéase de misterio e sabiduría, é a voz do tempo («Que fale alto a vella memoria [...] eu veño de moi atrás [...] estou aquí [...] para que escoitedes a miña voz muda» p. 14), parece que non lle importa se os seus coñecementos son escoitados, pero o que está a facer é increpar ao lector («E haberá alguén que me estea a escoitar ou falarei para o vento? Tanto ten» p. 15). O narrador é o primeiro dos personaxes que coñecemos; a continuación, irán aparecendo Deuses, semideuses, xigantes, bruxas, guerreiros (homes e mulleres), druídas, monstros e reis, que conforman a estrutura social celta. A través destes personaxes e as súas proezas, o autor demostra que as fazañas do pai de Breogán aínda poden ser interesantes para un público «moderno» e non especializado na literatura tradicional.

O vínculo entre ditos personaxes é directo, mostrando o lado máis humano da elite combatente. Somos testemuñas de como os guerreiros choran en público polos seus mortos, como os reis asasinan e traizoan por envexa e cobiza, como a vinganza e o amor son dous dos motores da vida

e como o sentimento de irmandade, a fe, o respecto e a fidelidade perduran a pesar das dificultades, e a través delas (das dificultades) quedan reforzados todos estes aspectos. Estas relacións entre os personaxes móstrannos moitos dos temas do texto, sen esquecer claro está, a importancia do destino (marcado por numerosas profecías) e da maxia.

Dos personaxes mencionados hai que destacar a Morgún, o protagonista. A súa vida non é senón a confirmación do seu destino e o cumprimento de moitas prediccións («cando medre e sexa animal, muller e home...» p. 66). Os epítetos que lle serven de nome ao longo da novela denotan as transformacións que sofre o personaxe: «Pel de Lobo» (p. 23); «O Fillo da Maxia» (p. 68); «O Protexido dos Deuses» (p. 69); «Morgún» (p. 88); «Lobo» (p. 106), e de novo «Morgún» (p. 107). Aínda que as modificacións máis destacabeis son físicas, tamén se perciben nel mudanzas morais que demostran a evolución da súa personalidade («Nunca antes tivera mágoa en cortar a carne e derramar o sangue», p. 106). Coido que non é que esteamos a ler un *bildungsroman*, pero tampouco se trata dun personaxe plano.

Ao longo de toda a narración hai alusións e choscadelas á mitoloxía grecolatina como Edipo («O desexo de tela animoume a traizoar ao rei», p. 35) e Penélope («Todos os fillos que me facías pola noite eu desfacíaos polo día», p. 148); e tamén outras obras como *Hamlet* ou *La vida es sueño* («a vida é imaxinaria [...] Nunca vivimos a nosa vida, vivimos o soño dos outros, vivimos o que os nosos creadores esperan de nós», p. 130), que ao longo da historia convertéronse en paradigmas do comportamento humano.

Como conclusión, podemos dicir que é un libro que en relativamente poucas páxinas resume as características e as cualidades (boas e más) do ser humano de calquera época. O lector é consciente de que incluso neste mundo racional da actualidade é necesaria unha figura heróica como Morgún que vele pola súa seguridade e polos seus intereses; é consciente tamén de que non estaría de máis un druída que se adiantase aos acontecementos para que todo aquel que vaia sufrir, estea preparado e saiba afrontar o seu destino. A idea de que non hai consello desprezábel é unha constante ao longo da lectura, e outra das proposicións feitas polos protagonistas é que sempre fai falta algo de axuda para chegar á meta arelada.

Lucía DEL BARCO VÁZQUEZ

TORO, S. de (2002): *Nunca máis Galiza á intemperie*, Vigo, Ed. Xerais, pp. 109.

El escritor, periodista y dramaturgo Suso de Toro presenta en este volumen una recopilación de sus artículos, aparecidos en diferentes medios como *La Vanguardia*, *El País Semanal* o *El Cultural* y redactados entre noviembre y diciembre de 2002, que versan sobre la catástrofe del *Prestige*.

El texto, a pesar de ser un conjunto de intervenciones en la prensa nacional, cada una con su correspondiente fecha al final del artículo, presenta el aspecto de un diario íntimo y a la vez comunitario, el diario de una tragedia anunciada que ha sacudido la estructura administrativa y la capacidad de reacción de las autoridades públicas de Galicia. Uno de los puntos de fuerza del libro es exactamente su valor testimonial para todas aquellas personas que no han vivido de cerca la sucesión de los hechos durante los primeros días y semanas del hundimiento del barco frente a las costas gallegas.

El autor, tanto al comienzo como en los últimos fragmentos del texto, se lamenta por su incapacidad de seguir creando ficción ante el espectáculo lamentable de las playas, rocas y ensenadas manchadas de fuel; el proceso de creación artística sufre una brusca parada y quien está acostumbrado a ver salir de su pluma personajes, historias, descripciones de espacios reales o imaginarios, siente la necesidad imperiosa de interrumpir este proceso y plasmar una crónica escueta y sin adornos de los acontecimientos que tienen lugar ante sus ojos. La sensación de impotencia parece adueñarse del escritor en algunos momentos de abandono, pero lo cierto es que la impresión del lector es casi siempre la de sentirse involucrado en una lucha contra los elementos; elementos que pueden ser naturales e inevitables, como el viento y el oleaje que dificultan las tareas de limpieza, o la viscosidad del petróleo y su olor nauseabundo, pero que son especialmente espirituales y morales, como el inmovilismo de las instituciones locales y nacionales, la permanente falta de interés hacia los problemas concretos de los pescadores y marineros de las zonas afectadas, o la censura que involucró a los medios de comunicación gallegos y nacionales. Ante el previsible desastre de la falta de coordinación o ante la constatación de que las mayores ayudas no llegan de las autoridades competentes sino de auténticas legiones de voluntarios venidos desde los cuatro puntos cardinales del planeta, el autor «sente culpa ou enfado» (p. 25), porque «aquí estes días non houbo Estado» (p. 21). Uno de los motivos recurrentes que aparece en estas pá-

ginas es una permanente y casi desesperada crítica a aquellos personajes políticos que hunden a Galicia en una perpetua crisis de identidad y que provocan la huida de las generaciones más jóvenes hacia tierras más acogedoras que la suya; estos políticos son «fantasmas» (p. 47-49), reliquias de un pasado funesto que impregna las instituciones y son totalmente incapaces de activar los recursos humanos y materiales de los que dispone el país para hacer frente al desastre. En múltiples momentos se aboga por el nacimiento de «unha nova Galicia» (p. 85), una Galicia que sea capaz de resurgir de sus cenizas después de la tragedia ecológica y económica tomando como ejemplo la actitud de los pueblos de las Rías Baixas, un auténtico «oasis de vitalidade» (p. 58), según palabras del mismo autor.

Los artículos están atravesados por una profunda ironía, que por momentos llega a ser auténtico sarcasmo, sobre todo cuando se trata de librar una ofensiva verbal contra los dirigentes culpables de tanta ineptitud. Merece la pena detenerse en la lectura de un fragmento (pp. 67-68) que simula un guión televisivo, y cuyos protagonistas son «actores» lamentablemente muy reales, a saber: políticos, presentadores de telediario, soldados que llegan tarde y nadie sabe de dónde, ministros que por unas horas dejan sus importantísimas actividades cinegéticas para asistir a alguna reunión, etc. Sin embargo, la sonrisa del lector ante este derroche de humor se desdibuja cuando el autor le avisa de que lo que se acaba de retratar en clave surrealista en realidad es la sucesión de imágenes de un telediario emitido esos días.

Con una metáfora que recuerda, con las debidas distancias impuestas por el género periodístico y la zona geográfica retratada, el libro *Lisboa. Diário de bordo* de José Cardoso Pires, Suso de Toro construye su crónica como un barco, con una presentación titulada *Proa* y unas conclusiones que dejan tras de sí un *Ronsel de popa*. Frente a un barco que ha golpeado con su mancha negra y nauseabunda el litoral, los recursos naturales y la moral de los gallegos y que se ha convertido en una peligrosa amenaza para su futuro, el escritor lanza su barco, despojado de toda retórica y cargado de una esperanza: la de ver nacer «unha nación dun cataclismo chegado do océano» (p. 104), una nación que demuestre ese orgullo de ser gallego en tiempos de crisis y que sepa contrarrestar los efectos de un erróneo planteamiento político con una gran fuerza de voluntad y un profundo amor a su tierra.

Barbara FRATICELLI